



## ANUNCIO

Mediante decreto de Alcaldía núm. 507/2023, de data 20 de setembro de 2023, acordou a modificación da data do Pleno ordinario do mes de outubro de 2023 que se transcriben a continuación.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.  
O alcalde, Alberto González Fernández.

### “DECRETO DE ALCALDÍA

#### **Asunto: MODIFICACION DO PLENO ORDINARIO DO MES DE OUTUBRO DE 2023**

Mediante acordo plenario de data 29 de xuño de 2023 acórdase o réxime periódico de celebración das sesións plenarias ordinarias, establecéndoas o primeiro xoves de cada mes ás 20 horas, agás que coincida en festivo que trasladarase ao xoves hábil seguinte.

Por motivos de persoal e tendo en conta o Regulamento orgánico municipal o presidente da corporación por propia iniciativa ou por causa xustificada poderá variar o día ou a hora dalgunha sesión; comunicándollo aos interesados e publicando o cambio no Tablón de anuncios coa maior anticipación posible.

Esta alcaldía, en virtude das atribucións que ten conferidas por Lei, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO:** Establecela celebración da sesión plenaria ordinaria, correspondente ao mes de outubro, o **día xoves 19 de outubro de 2023, ás 20 horas.**

**SEGUNDO:** Notificar a presente resolución aos membros da Corporación e publicar o anuncio indicativo no Tablón de anuncios e na páxina web municipal.

*/Mándao e asínoa electrónicamente o Sr. Alcalde Alberto González Fernández en Valdoviño na data da sinatura á marxe/”*

**O que se publica aos efectos oportunos.**